



SOCIALISMO GALEGO

A REVISTA DOS E DAS SOCIALISTAS DE GALICIA



O goberno do cambio

Opinión de Gonzalo Caballero

Máis persoal: Xoaquín Fernández Leiceaga

ÍNDICE

- 03 **Editorial**
Unha nova etapa
- 08 **Fotonoticia**
Cos traballadores
- 10 **Noticia**
Gonzalo Caballero, recibido polo ministro de Fomento
- 11 **Reportaxe**
Pedro Sánchez na Coruña
- 12 **Reportaxe**
Primeira reunión itinerante da CENG
- 16 **Opinión**
Iván Puentes
- 19 **Noticia**
Os problemas de Galicia en Bruselas
- 26 **Opinión**
Icía García
- 29 **Reportaxe**
O PSdeG, coa sanidade pública
- 30 **In memoriam**
Homenaxe a Suso Mosquera
- 31 **In memoriam**
Pasamento de Xosé Luís Rodríguez Pardo
- 32 **Opinión**
Noa Díaz
- 37 **Reportaxe**
A importancia da memoria histórica
- 40 **Reportaxe**
Preocupados pola demografía
- 41 **Noticia**
Cos nosos sectores produtivos
- 46 **Fotonoticia**
Cos compañeiros nas festas da Ascensión
- 48 **Máis persoal...**
Xoaquín Fernández Leiceaga

EDITA:

PSdeG-PSOE

ENDEREZO:

Rúa do Pino, 1-9 baixos

15704 - Santiago de Compostela

CONTACTO:

981 55 20 30

cengsocialistasdegalicia.com

www.psdeg-psoe.gal



UN GOBIERNO SOCIALISTA PARA O BENESTAR E O PROGRESO

EDITORIAL



GONZALO
CABALLERO
Secretario xeral
do PSdeG

En poucos días mudou a política española para ben. A moción de censura presentada polos socialistas permitiu un cambio de goberno que era necesario para o país. Fronte á agonía, cambio. Fronte á corrupción, dignidade. Fronte á inacción, responsabilidade. Fronte á resignación, iniciativa. E todo iso, cun proxecto de país que permita avances para unha maioría social.

A sentenza da Gürtel condenou ao PP. Malversación, blanqueo, suborno, corrupción. 351 anos de cárcere. 29 condenados. Pouco antes, Zaplana detido e acusado de formar parte dun grupo criminal. E antes Rato, Ignacio González, Matas, Camps, Granados e tantos outros. Dirixiron o país e o PP durante anos, gañando eleccións con esa estrutura de corrupción. Por dignidade, era necesario un cambio.

Os e as socialistas galeg@s avalamos a presentación da moción de censura desde o principio. Así llo transmitimos directamente a Pedro Sánchez en privado e, posteriormente, ao conxunto do Comité Federal do PSOE. Había que solicitar o apoio a todos os grupos do Congreso sen facer concesións contrarias ao noso proxecto, pero conscientes de que todos os votos eran necesarios.

A chegada dos socialistas, con Pedro Sánchez á cabeza, ao goberno supón una oportunidade de progreso para a cidadanía. Para desenvolver políticas sociais aproveitando o crecemento económico. Para castigar o intento de impunidade da dereita pola corrupción. Para establecer vías de diálogo dentro do respecto ás leis.

O novo goberno foi recibido con ilusión e esperanza polas nosas bases e simpatizantes, e con satisfacción por amplos sectores cidadáns menos próximos pero que recoñecen que o cambio era necesario e que o novo goberno ten solidez e capacidade. As tendencias electorais están mudando e o PSOE está recobrando o espazo necesario para ser de novo primeira forza.

Os e as socialistas xa gobernamos España e podemos estar orgullosos da modernización que promovemos. Co PP fóra do goberno, desde a esquerda afrontaremos os problemas que existen, que non son menores, buscando aproveitar o crecemento económico para impulsar o benestar social, a masa salarial e o emprego digno. Pódese facer á vez que se defende a soberanía nacional e o estado de dereito, e con sensibilidade á diversidade e

pluralidade de España dentro do marco constitucional.

Mentres, Feijóo tenta aparecer como un defensor dos intereses de Galicia. Despois de ser cómplice do goberno de Rajoy, e de calar, por exemplo, sobre os máis de 2.000 millóns de euros orzamentados para Galicia e non executados. Fronte a ese cinismo, o PSdeG manterá una axenda intensa de compromiso para construír unha maioría alternativa.

España necesitaba un cambio, e @s socialistas abordamos ese cambio para o país. Se o cambio foi posible en España, tamén o será en Galicia. E para iso traballamos.



GONZALO CABALLERO, ARROUPANDO A PEDRO SÁNCHEZ NA MOCIÓN DE CENSURA



Consciente da importancia de arroupar a Pedro Sánchez, quen terminaría por converterse no novo presidente do Goberno, o secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, decidiu viaxar a Madrid para seguir dende o Congreso dos Deputados o debate da moción de censura contra a corrupción que ateiga as filas do PP.

A “agresividade” de Rajoy, “ferido politicamente” pola sentenza da Gürtel, fronte ao proxecto de “cambio necesario” que presentou Pedro Sánchez, son elementos que axudan a entender a formación dunha ampla maioría de deputados para retirar ao PP do goberno.

Con esa decisión, como comentou o propio Gonzalo Caballero aos xor-

nalistas naqueles días, o Congreso trasladou a Sánchez a súa confianza para “abrir unha nova etapa no país”, sen “os vicios de corrupción que a dereita estaba instaurando” e con políticas enfocadas ao benestar da cidadanía.

Para levar a cabo ese “cambio imprescindible e necesario”, o secretario xeral manifestou entón todo o apoio dos socialistas galegos a Pedro Sánchez, “a persoa axeitada para poñer en marcha un proxecto de esquerdas” dende o Goberno “con ilusión, convicción e forza”.

A satisfacción que neses días compartiron millóns de persoas que en toda España, e tamén ás portas do Congreso, clamaban pola rexeneración, non foi senón en aumento tra-

la composición do Consello de Ministros e Ministras. “Pedro Sánchez buscou o mellor perfil para cada posto”, valorou Gonzalo Caballero.

A partires de agora, sinalou, ao executivo que lidera Pedro Sánchez tocaralle, como antes fixeran Felipe González e José Luis Rodríguez Zapatero, “dar unha oportunidade de futuro a quen máis o necesita, a quen teñen sufrido os recortes da dereita no Estado do Benestar”.

“A taxa de crecemento que hai na economía española dá marxe para tomar medidas de avance social”, explicou Gonzalo Caballero, e valorou a designación da coruñesa Nadia Calviño como ministra de Economía: “Apostamos por unha axenda galega”.

UN GOBERNO DIGNO, FEMINISTA E COMPETENTE

Un goberno «pensado para o ben da cidadanía», con perfís de alto nivel tanto políticos como técnicos e cun destacado peso das mulleres, o que revela que Pedro Sánchez encabeza «un proxecto de progreso»



Así o dixo o secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, tras coñecer os nomeamentos de Pedro Sánchez para un executivo que definiu como “de progreso e de ilusión”. É por iso que trasladou “todo o apoio” dos socialistas galegos para “traballar conxuntamente” nesa liña.

“Neste momento de enorme satisfacción da cidadanía que quería un cambio de ciclo en España, todos os socialistas estamos nunha liña de traballo conxunto”, subliñou o líder do PSdeG, quen asegurou que “todos estamos esperanzados, ilusionados, motivados e dispostos a traballar con toda a nosa forza” para dar resposta á cidadanía que demandaba “un cambio”.

Tamén puxo en valor Gonzalo Caballero que se trata “dun goberno de exemplaridade e dignidade”, ex-

tremo que confrontou cos “problemas de corrupción do PP”, e que ten a súa prioridade no social e nas necesidades da cidadanía fronte “aos recortes da dereita”. Así mesmo, amosa “vontade de diálogo con todos os axentes políticos dentro do marco constitucional”.

E, dentro da mesma senda de colaboración e cooperación, o secretario xeral dos socialistas galegos saudou o nomeamento de Javier Losada como novo delegado do Goberno en Galicia, “compañeiro e amigo dende hai anos”. “Mantemos unha relación fluída e unha total sintonía”, destacou Gonzalo Caballero, quen estivo presente na súa toma de posesión na Coruña.

A partires de agora, o propio secretario xeral do PSdeG situou o reto do PSdeG na recuperación do

executivo galego. “Igual que retiramos a Mariano Rajoy do goberno, traballaremos arreo para retirar a Feijóo da Xunta”, proclamou, dende o convencemento de que “isto é o que nos move e nos motiva” aos socialistas galegos.



VISITA AO MINISTERIO DE FOMENTO

O NOVO MINISTRO DE FOMENTO TRASLADA A GONZALO CABALLERO O SEU COMPROMISO COAS INFRAESTRUTURAS GALEGAS



Aos poucos días do seu nomeamento, o novo ministro de Fomento, José Luis Ábalos, recibiu no seu despacho ao secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, e ao voceiro parlamentario, Xoaquín Fernández Leiceaga, para poñer de manifesto o seu compromiso coas infraestruturas galegas.

Nesta primeira toma de contacto, o ministro asegurou a Gonzalo Ca-

ballero que “se manterán todas as inversións orzamentadas” e que traballará “arreo” para conseguir a súa posta en funcionamento.

En relación con isto, explicoulle ao líder dos socialistas galegos que porá en marcha un chequeo do estado das obras en marcha, a fin de coñecer “cal é a herdanza que deixa o PP” no Ministerio de Fomento tras “numerosos anuncios e

autobombo” tanto de Rajoy como de Feijóo.

Iso si, “todo seguirá o ritmo previsto”, tal e como deixou claro o ministro no encontro con Gonzalo Caballero e Xoaquín Fernández Leiceaga.

Outro asunto que puxo sobre a mesa do ministro o secretario xeral do PSdeG foron as peaxes da AP-9,

unha autopista que segue sendo xestionada por unha empresa privada debido á decisión de Feijóo de “prolongar a concesión ata o ano 2048”.

“Son tres décadas nas que a autoestrada estaría mellor en mans públicas, para poder actuar sobre as súas peaxes e o sobre estado da vía con maior eficiencia”, recalcou Gonzalo Caballero, a quen José Luis Ábalos indicou que estudará a posibilidade de ceder a titularidade da vía.



O ministro asegurou que «se manterán todas as inversións orzamentadas e que se traballará arreo para conseguir a súa posta en funcionamento»

O 1 de Maio os socialistas saímos á rúa, como cada ano, en defensa duns salarios dignos, dun emprego de calidade, de igualdade nos soldos de mulleres e homes e da revalorización das pensións

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, asistiu nesta ocasión á manifestación convocada pola UGT e CC.OO. en Vigo; unha mobilización que contou co respaldo de numerosos dirixentes do partido tanto no ámbito local coma no provincial e no autonómico.

Foi o escenario no que o líder dos socialistas galegos aproveitou para poñer o foco sobre os dereitos dos traballadores, á vista da “desigualdade crecente” que deixan os gobernos da dereita. É o froito, como explicou, dos seus “continuos recortes en favor do capital”, que provocaron “un retroceso nos servizos públicos, nos salarios e nas pensións”.

Coa vista posta en Galicia, Gonzalo Caballero reprobou o “nivel diferencial” negativo que existe na nosa comunidade tanto en soldos como en pensións, e tamén en cuestións de xénero. “É algo que non debiera ocorrer nun país desenvolvido no século XXI”, lamentou.

Así é que reivindicou “salarios dignos e emprego de calidade”, sen esquecerse daquelas persoas que “traballaron toda a vida e merecen pensións que se revaloricen” conforme ao encarecemento da vida. Tamén fixo fincapé no dereito das mulleres á “igualdade salarial” con respecto aos homes e de quen se atopan no desemprego ou quedan “excluídos” do sistema.

Durante o percorrido da manifestación polo centro da cidade olívica, o máximo responsable do PSdeG



EMPREGO DE CALIDADE, IGUALDADE SALARIAL, MELLORES PENSIÓN S



estivo acompañado por diversos membros da Comisión Executiva Nacional Galega, así como polo alcalde de Vigo, Abel Caballero; a pre-

sidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva; e os secretarios xerais na provincia, David Regades, e na cidade, Abel Losada.



MARGARITA ROBLES RECIBE A GONZALO CABALLERO



A defensa dos intereses de Galicia durante o debate orzamentario foi o que levou ao secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, a viaxar a Madrid para entrevistarse coa, daquela, voceira dos socialistas no Congreso, Margarita Robles.

Na xuntanza para analizar polo miúdo as cuestións de relevancia para Galicia estiveron tamén presentes a vicesecretaria xeral do

PSOE, Adriana Lastra; o secretario xeral do Grupo Parlamentario Socialista no Congreso, Rafael Simancas; e os deputados galegos en Cortes, encabezados pola súa coordinadora, Pilar Cancela.

Naquel intre, o líder dos socialistas galegos puxo sobre a mesa o feito de que o goberno de Mariano Rajoy non executou máis de 2.000 millóns de euros que estaban or-

zamentados para a nosa comunidade, contando para iso co silencio cómplice de Feijóo.

“O presidente da Xunta se esquece dos problemas dos galegos”, sentenciou entón Gonzalo Caballero, quen deixou claro que seguirá poñendo as necesidades de Galicia “na axenda política” para que “os intereses dos galegos e das galegas estean nas cámaras parlamentarias”.

PEDRO SÁNCHEZ E GONZALO CABALLERO NA CORUÑA

EN PROL DUNHAS PENSIÓNS «DIGNAS»



Dende primeiros de ano, man a man cos nosos maiores, os socialistas reclamamos que as pensións públicas tiñan que subir cada ano ao mesmo nivel que o custe da vida, que os prezos. Aportamos argumentos de xustiza social, pero tamén medidas económicas para posibilitalo, e urximos a volta ao Pacto de Toledo.

A defensa do sistema público de pensións foi o que trouxo no mes de marzo a Pedro Sánchez á Coruña, para falar sobre a sostibilidade do modelo e sobre a necesidade de garantir que os maiores non perdan poder adquisitivo.

Se Pedro Sánchez apostou por “garantir unhas pensións dignas para

os xubilados de hoxe e de mañá”, fronte ao modelo que impuxo o PP e que implica que “cantos máis anos tes, menos cobras”; o líder dos socialistas galegos, Gonzalo Caba-

Pedro Sánchez acudiu á Coruña para falar sobre a necesidade de garantir que os maiores non perdan poder adquisitivo

llero, puxo o foco na importancia “da política, da política de esquadras, para devolver a prioridade aos servizos públicos”.

E é que, como sinalou o máximo dirixente do PSdeG, os anos do goberno do PP só serviron para “deteriorar” tanto o sistema público de pensións como o resto dos piares do Estado do Benestar. Fronte a esa política, reivindicou que “o compromiso cos servizos públicos está no noso ADN”.

Xa naquela altura, Gonzalo Caballero destacaba que o PSOE “está nas mellores mans” e valoraba como o partido, “revitalizado e forte”, estaba dando solucións á cidadanía. De aí que afirmase entón que Pedro Sánchez “ten toda a lexitimidade, a responsabilidade e o deber de cambiar o goberno da dereita para facer política de esquadras útil para a xente”.

PRIMEIRA XUNTANZA DA CENG FÓRA DE SANTIAGO

O PSdeG, A PÉ DE PAÍS, PERCORRENDO GALICIA

Ames, destino elixido para a primeira reunión da Comisión Executiva Nacional Galega fóra da sede do PSdeG



Cumprindo co compromiso do secretario xeral, Gonzalo Caballero, de sacar o partido á rúa e de abril á sociedade, o PSdeG celebrou no mes de abril a primeira xuntanza da Comisión Executiva Nacional Galega fóra da sede autonómica.

O destino elixido foi o municipio coruñés de Ames; de xeito que José Miñones, alcalde e secretario executivo da Política Municipal, exerceu de anfitrión.

Esta decisión de celebrar reunións da directiva do PSdeG máis alá da

capital galega tamén responde á vontade de Gonzalo Caballero de ampliar o contacto coa militancia e cos concelleiros e cargos públicos do partido nos distintos territorios.

Ademais, no caso de Ames, permitiu ao secretario xeral poñer en valor un goberno local que é “unha referencia” pola política social que está levando a cabo e pola “estabilidade” que está aportando ao concello.

“Estamos moi orgullosos do traballo que se está facendo en Ames”,

valorou Gonzalo Caballero, mentres José Miñones agradeceu a escolla do seu municipio para esta xuntanza.

En canto á reunión da dirección do PSdeG, nesta ocasión centrouse na análise dos orzamentos xerais do Estado e na cuantificación das inversións consignadas para Galicia.

Pola súa banda, o alcalde de Ames aproveitou para reclamar melloras nas infraestruturas do seu concello, como a estrada nacional 550.

PRIMEIRO COMITÉ NACIONAL

UN PSdeG «RENOVADO, FORTALECIDO, ABERTO E PEGADO Á RÚA»



Apenas 125 días despois da elección da nova dirección dos socialistas galegos, volvemos reunir o Comité Nacional do PSdeG para falar do partido e do modelo de sociedade que queremos. Un PSdeG, como resumiu o secretario xeral, Gonzalo Caballero, “renovado, fortalecido, aberto e pegado á rúa” para propiciar “o cambio que Galicia necesita”.

Temos, como sinalou, que “recoller o mellor” dos gobernos de Fernando González Laxe e de Emilio Pérez Touriño e “adaptalo aos novos tempos”, poñendo “as mellores ideas ao servizo de Galicia”. “Recoñecemos e valoramos a nosa historia, e temos que aprender do ben feito, e tamén dos erros, para potenciar un novo ciclo político en Galicia”, resaltou Gonzalo Caballero.

Con esa óptica, o líder do PSdeG chamou a traballar “todos xuntos”

para dar á nosa comunidade unha alternativa de progreso encabezada por un presidente socialista.

Trátase, profundou, de defender a sanidade, a educación e as pensións públicas fronte aos “recortes do PP”, e de pular pola igualdade entre mulleres e homes. “Temos liderado a vangarda do cambio, en España e en Galicia”, enfatizou, consciente de que “o mellor” dos avances en materia de dereitos e liberdades “ten as siglas do PSOE”.

Despois de reivindicar que “somos un gran partido” tanto pola “nosa historia” como pola “nosa experiencia e traballo” ao longo do tempo, Gonzalo Caballero puxo o foco nas eleccións locais do ano próximo e destacou a sensibilidade municipalista que sempre mantivo o PSdeG.

Ao fío diso, puxo en valor a tarefa do alcalde de Vigo e presidente da FEMP, Abel Caballero, quen conquistou unha rectificación do anterior goberno para que os concellos puidesen “poñer ao servizo da cidadanía” o seu superávit financeiro.

En paralelo, Gonzalo Caballero comprometeu o seu traballo, “da man de toda a organización”, para “activarnos” de cara á vindeira cita coas urnas, á vista de que “a dereita, onde goberna, non logra consolidarse” e de que as denominadas forzas emerxentes amosan “problemas de xestión” nos seus concellos.

En cambio, como recordou, “nós temos as mellores referencias municipais”, a dos grandes alcaldes e alcaldesas que aínda hoxe son recordados en cidades e vilas de toda Galicia.

VISITA DE JOSÉ LUIS ÁBALOS

«TEREMOS UN PARTIDO REVITALIZADO NAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS»



O pasado mes de marzo, os socialistas galegos recibimos a visita de José Luis Ábalos, secretario de Organización do PSOE, para encarar o traballo a facer de cara ás eleccións municipais do ano próximo.

Tralo seu encontro co secretario xeral, Ábalos destacou que ve ao equipo encabezado por Gonzalo

Caballero “con ilusión e ganas de traballar para dar un xiro progresista e útil” a Galicia.

Tamén destacou ante os xornalistas “a plena sintonía” que existe entre a dirección federal do PSOE e a executiva galega.

Pola súa banda, o líder dos socialistas galegos apuntou que o par-

tido está “nas condicións adecuadas para encarar as municipais con forza” e coa “capacidade de ser alternativa á dereita e aos gobernos que non funcionan”.

“Estamos recuperando músculo e forza para ter un partido revitalizado e fortalecido de cara ás eleccións municipais”, asegurou Gonzalo Caballero.

*Gonzalo Caballero
apuntou que o partido
«está nas condicións
adecuadas para encarar
as municipais con forza»*



*José Luis Ábalos destacou
«a plena sintonía que
existe entre a dirección
federal do PSOE e a
executiva galega»*

A IMPORTANCIA DAS MUNICIPAIS

OPINIÓN



IVÁN
PUENTES

Secretario de Política Municipal
do PSdeG

Cando o 14 de xullo, ás 11:00 horas, arranque o Comité Nacional Galego, as e os socialistas estaremos a 316 días ou, o que é o mesmo, a 45 semanas e 1 día de saber o resultado da convocatoria electoral máis transcendente que vivimos nos últimos tempos, as eleccións municipais de 2019. A esa hora, cando a Mesa do Comité saúde aos presentes, todos os que alí (aquí) estamos, xunto cos demais militantes do PSdeG que á mesma hora estarán traballando ou procurando traballo, maquinando vacacións ou gozando xa delas, facendo malabares para conciliar vacacións escolares con vida laboral ou, simplemente, para ver como seguir adiante, todos e todas, teremos tan só 7.594 horas para, co noso grao de area, darlle a volta a este país; pouco tempo, pero suficiente.

Sei que os equipos de campaña adoitan presentar cada convocatoria electoral como a máis importante, pero o certo é que esta éo; sei tamén que isto se di habitualmente para facer crible o primeiro, pero repasemos algúns datos e seremos conscientes da transcendencia real do voto nas eleccións do 26 de maio de 2019. Simplemente temos que

facer un exercicio de memoria e remontarnos 20 anos no tempo. En 1999, data tamén de eleccións locais, o PSdeG concorria ás mesmas tras apostar o ano anterior, no Congreso Nacional de Ourense, por abandonar as disputas internas e crer no diálogo, a colaboración e o traballo fraternal entre territorios e sensibilidades diversas como vía para chegar ao máis importante, poder ofrecerlle aos galegos/as unha alternativa social e política crible ao modelo do Partido Popular.

A aposta foi dando o seus froitos. Así, aquelas municipais do 99 marcaron o inicio dun novo PSdeG. Esa noite saíron das urnas 861 concelleiros/as socialistas, que se transformaron en 927 nas municipais de 2003, aínda un ano antes de que Zapatero chegase á Presidencia do Goberno de España, e en 1.116 nas de 2007. Sumáronse 255 concelleiros/as socialistas en 8 anos, duplicouse o número de alcaldías e pasaron a ser gobernadas polo PSdeG a práctica totalidade das cidades e vilas intermedias de Galicia, ademais de multitude de concellos de menos poboación. En paralelo, grazas ao incremento de apoio cidadá nas municipais, o PSdeG pasaba

de ser terceira forza política no Parlamento de Galicia a presidir a Xunta en 2005.

É certo que son tempos distintos, pero tamén o é que non estamos peor que no 99. Hoxe estamos empatados en escanos coa segunda forza do Parlamento, que vive un proceso de desintegración continuo desde as eleccións autonómicas e ten defraudado boa parte das expectativas que moitos galegos/as progresistas depositaron nelas nas municipais de 2015; non partimos de 861 concelleiros/as, senón de 1.039, tres das catro deputacións galegas son socialistas e en España volve haber tamén un Goberno e un Presidente socialistas.

As pezas do quebracabezas, en definitiva, son case as mesmas, pero mellor dispostas. Aproveitando ben os 316 días que temos por diante, non só seremos quen de afianzar e ampliar o número de concellos e deputacións con gobernos socialistas, senón de dar o primeiro paso para volver en breve á Presidencia da Xunta de Galicia e, ao mesmo tempo, asentar o necesario goberno do PSOE en España. Non é unha utopía, é unha realidade que depende, en boa medida, do traballo de todas e todos. Imos aló!

«SOMOS GARANTÍA DE PROGRESO»



Coas eleccións municipais no horizonte, os socialistas galegos celebramos en Santiago as xornadas 'Gobernos locais ao servizo da cidadanía'. Formación e traballo enfocados ao reto de "ser a primeira forza" nos comicios do vindeiro ano, como verbalizou o secretario xeral, Gonzalo Caballero.

É posible, como explicou, debido ao "retroceso como non se recorda" que está experimentando o PP en toda España e a que as outras opcións aportan "marketing, pero pouco contido".

Ademais, destacou o secretario xeral, as locais "xogaranse concello a concello", onde os socialistas "temos un plus de conexión" dado polo feito de que en Galicia contamos con 90 alcaldes, máis dun milleiro de concelleiros e con tres presidentes de deputación.

A iso sumou que as grandes referencias municipais forman parte das nosas filas. De feito, indicou que nos concellos onde entrou a gobernar a dereita tralas anteriores eleccións locais se pode constatar o "fracaso" da súa xestión, e engadiu que tampouco as "forzas emerxentes" acadaron "os resultados que a cidadanía quere".

"Os veciños saben que, onde gobernamos, hai unha garantía de progreso", proclamou Gonzalo Caballero, para poñer en valor que "o Partido Socialista é un gran partido". "Onde houbo avances sociais e políticos ao longo da historia estivo o Partido Socialista", reivindicou, e chamou a traballar para "dar a Galicia unha oportunidade de progreso" a partires de maio de 2019.

Así, sen medo a "contrastar o noso traballo co doutras organizacións

políticas" e a "sacar a relucir con orgullo o bo traballo feito", o máximo dirixente do socialismo galego chamou a "construír entre todos unha maioría social de progreso" que nos faga gañar as vindeiras municipais.

Para iso, como dixo, o partido "seguirase abrindo á sociedade", o que permitirá "incorporar a todos os progresistas na casa común da esquerda que sempre foi e ten que seguir sendo o PSOE".

"POLÍTICA PARA AS PERSOAS"

Nas xornadas tamén participou a secretaria de Política Municipal do PSOE, Susana Sumelzo, quen aproveitou para destacar a labor dos socialistas dende o ámbito local "para facer mellor a vida dos nosos veciños".

Tamén o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, enzalzou o traballo dos socialistas dende as institucións e puxo como exemplo os cambios postos en marcha na que lidera, "obxectivando" os criterios de reparto dos fondos ou establecendo planes de igualdade de xeito "transversal".

Así mesmo, a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, fixo fincapé en que os socialistas "somos a única esquerda útil e con capacidade de goberno", como se aprecia nos distintos concellos, de xeito que chamou a combater "as políticas da dereita, que tanto dano fan ao municipalismo".

GONZALO CABALLERO LEVA A BRUXELAS AS NECESIDADES DE GALICIA



A fin de que os problemas e necesidades de Galicia sexan tidas en conta en Bruxelas, o secretario xeral, Gonzalo Caballero, mantivo unha ampla axenda de traballo na que abordou ao máis alto nivel cuestións como a reforma da PAC, a importancia dos fondos de cohesión ou a necesidade de revitalizar a demografía

Precisamente de demografía falou o líder dos socialistas galegos co presidente do Comité das Rexións, Karl-Heinz Lambertz, a quen propuxo “configurar un gran pacto social” que permita combater o envellecemento e o despoboamento en zonas como Galicia.

Como explicou Gonzalo Caballero, pasaría por selar “unha grande alianza” para que dende a Unión Europea, “con políticas transversais”, se traballe pola “revitalización daquelas rexións europeas nas que a demografía supón un problema”.

Tras formular o seu plantexamento, o secretario xeral valorou a recep-

tividade do presidente do Comité das Rexións, que ten, como el mesmo lle trasladou, a cuestión demográfica na súa folla de traballo.

Foi, por tanto, un encontro “frutífero”, no que o máximo representante do PSdeG amosou a Lambertz a vocación dos socialistas galegos de “reforzar” o papel do Comité das Rexións para que os territorios “teñan máis poder decisorio”. Máxime, como indicou, en rexións “de referencia” como Galicia, cunha “especificidade cultural, identitaria e lingüística”.

Neste punto, Gonzalo Caballero lamentou que o presidente da Xunta

non teña “un papel máis activo” en Europa, para que así Galicia estea “máis presente” no ámbito comunitario. “Feijóo está ausente nos órganos nos que se deciden cuestións fundamentais”, reproboou.

En paralelo ás cuestións máis específicas da nosa comunidade, o secretario xeral tratou co presidente do Comité das Rexións o cambio de goberno en España. Co seu “europeísmo de esquerdas” e coa súa visión dunha Europa “cun compoñente máis social”, Pedro Sánchez é visto como un líder chamado a xogar “un papel importante no futuro da UE” e dentro da socialdemocracia europea, fronte ao “crecente euroescepticismo”.

AXENDA GALEGA NAS INSTITUCIÓN EUROPEAS



“Nos xogamos moito en Europa”. O ten claro o secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, quen é consciente da importancia das decisións que se toman no ámbito comunitario e de como “repercute negativamente nos intereses de Galicia” o feito de que Feijóo sexa un “descoñecido” en Bruxelas.

É por iso que, ao cabo da súa reunión coa comisaria europea de Política Rexional, Corina Cretu, instou ao presidente da Xunta a “traballar” para, ao igual que fixo el, poñer de relevo a importancia que os fondos de cohesión teñen para Galicia e lograr que a suba prevista teña incidencia nesta comunidade.

En concreto, España recibirá da Unión Europea un cinco por cento máis de fondos no vindeiro período orzamentario comunitario, de xeito que subliñou que a Xunta ten que poñerse en marcha para que ese incremento “sexo tamén positivo para Galicia”. “Pero Feijóo ten renunciado a facer unha política europea que poida favorecer a Galicia”, lamentou Gonzalo Caballero.

“É importante que haxa unha axenda galega nas institucións europeas”, profundou o líder dos socialistas galegos, quen botou en falta “un presidente pendente dos problemas de Galicia” cando en Bruxelas non se están contemplando os criterios de envellecemento e dispersión da poboación para o reparto dos fondos de cohesión.

Pola súa banda, como proba da “moita sintonía e fluidez” coa que se desenvolveu a xuntanza, a comisaria europea non só trasladou a Gonzalo Caballero a súa “satisfacción” polo cambio de goberno en España, senón que lle avanzou que viaxará á nosa comunidade na última parte do ano.

«Feijóo ten renunciado a facer unha política que poida favorecer a Galicia», lamentou Gonzalo Caballero

«POR UN FUTURO GALEGO MÁIS PRÓSPERO E VERDE»



Na súa axenda europea, o secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, non se esqueceu de cuestións de tanta relevancia para Galicia como o desenvolvemento sostible, co foco posto na importancia de deseñar un futuro para a nosa comunidade “máis próspero e verde”.

E é que o medio ambiente é un eido “de enorme calado” tanto para a sociedade galega como para a súa economía, polo que supón de “oportunidades de prosperidade, de innovación tecnolóxica e de desenrolo de novas canles industriais e produtivas” que sexan “máis sostibles”.

Será a vía, como explicou Gonzalo Caballero, de apostar pola riqueza dentro dun modelo “máis duradeiro” e que se sitúe na folia de traballo

«O PSdeG desenvolverá unha axenda de contido verde con iniciativas para unha Galicia de vangarda»

que marca a Unión Europea para todos os países e rexións.

Así llo transmitiu o líder socialista ao director xeral de Medio Ambien-

te da Comisión Europea, Daniel Calleja, e constatou que en Galicia “hai moito por facer” nesa liña de coidado da biodiversidade, de saneamento das nosas rías, de ordenación forestal e de aposta pola reciclaxe.

Pola súa banda, avanzou que o PSdeG desenvolverá “unha axenda de contido verde”, con iniciativas “para unha Galicia de vangarda” dentro dun proxecto de país “máis acorde ao futuro”. Sobre todo, porque non existe na actualidade “unha axenda potente” en prol do desenvolvemento sostible.

REUNIÓN CO COMISARIO EUROPEO DE AGRICULTURA



O PSdeG manterá “toda a atención” sobre a reforma da Política Agraria Común para o período 2021-2027, un asunto “fundamental” para o medio rural nunha comunidade na que o emprego dunhas 70.000 persoas depende directamente do sector primario.

É por iso que unha das xuntanzas que mantivo o secretario xeral, Gonzalo Caballero, coas altas instancias europeas foi co comisario de Agricultura, Phil Hogan, a quen pediu que a PAC estea “ben dotada” e permita “seguir modernizando e revitalizando” os sectores agrario e gandeiro.

Ambos, como explicou o líder socialista, xogan “un papel fundamental para o desenvolvemento” do eido rural en Galicia, polo que o “desequilibrio” no reparto dos beneficios entre os produtores e as grandes empresas foi un dos puntos que puxo sobre a mesa na xuntanza.

«Gonzalo Caballero expuso a súa preocupación por unha posible renacionalización da PAC»

Tamén expuxo a súa preocupación Gonzalo Caballero ante unha posible “renacionalización da PAC”, xa

que permitiría que os países puidesen “primar” algún sector e deixar outros “con máis dificultades”.

Ao termo do encontro, o máximo representante do PSdeG valorou a oportunidade de tratar co comisario europeo “os problemas de Galicia” dentro dun “diálogo fluído e positivo”, no que algúns aspectos obtiveron “unha boa recepción”.

Fronte á súa disposición e traballo nas instancias comunitarias, Gonzalo Caballero situou a Feijóo, “centrado noutras cuestións” no canto de estar “presente” onde “se vai xogar boa parte do futuro de Galicia”.

MANIFESTACIÓN MINA O PINO - TOURO

EN PROL DUN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO «RESPECTUOSO» CO MEDIO



Os e as socialistas defendemos que o desenvolvemento económico de Galicia ten que ser “sostible” e “respectuoso” co medio e coa riqueza natural do noso país, e por ese motivo fixemos parte dos milleiros de persoas que encheron a Praza do Obradoiro para reclamar á Xunta que non autorice o proxecto da mina de cobre situada entre Touro e O Pino se hai riscos importantes.

Alí estivo, encabezando unha delegación de decenas de cargos do Partido, o secretario xeral, Gonzalo Caballero, quen aproveitou a ocasión para advertir ante os medios de comunicación dos

“niveis de risco” que implica este proxecto para a contorna deses municipios, a nivel ambiental e patrimonial, e tamén para a calidade das augas.

Segundo explicou, a reapertura da mina nestas condicións “non garante” o respecto cara o medio non só nos concellos nos que pretende operar, senón que os danos poderían afectar ao conxunto de Galicia a través das rías. É por iso, concluíu, que o proxecto “non conta con respaldo social nin político”.

Entre os membros da executiva do PSdeG que participaron na

manifestación en Santiago estiveron o vicesecretario xeral, Pablo Arangüena; o secretario de Acción Electoral, Martín Seco, e os secretarios executivos Jorge María, Daniel Chenlo e Enrique Vázquez Naveira.

Así mesmo, entre outros cargos e representantes socialistas, secundaron a protesta os alcaldes de Vilagarcía, Alberto Varela; da Illa de Arousa, Carlos Iglesias; e do Grove, José Antonio Cacabelos; ademais da alcaldesa de Cambados, Fátima Abal, e os deputados no Parlamento de Galicia Patricia Vilán e Julio Torrado.

GONZALO CABALLERO CONSTATA “OS AVANCES” IMPULSADOS POLO PSOE EN LUGO FRONTE AO “RETROCESO” QUE DEIXA O PP EN OURENSE

As distintas visitas que o secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, está levando a cabo por vilas e cidades de toda Galicia téñenlle permitido contrastar as diferenzas que existen entre “os avances” impulsados polos socialistas en Lugo co “retroceso” que deixa o PP en Ourense, onde nin tan sequera foi quen de aprobar uns orzamentos en todo o mandato.



LUGO

En compañía da alcaldesa, Lara Méndez, e do secretario provincial do PSOE en Lugo, Álvaro Santos, entre outros compañeiros, o líder dos socialistas galegos puxo en valor a boa xestión que se está levando a cabo na cidade amurallada.

Nese senso, enxalzou a aprobación dos orzamentos, o feito de que o concello teña superávit e, con iso, capacidade de inversión, e a recuperación de espazos como o vello cárcere. Un símbolo, dixo, do que significou “a represión contra as liberdades” e que agora está “aberto á cidadanía”.

“Lugo conta cun goberno municipal socialista forte, sólido, ben encarado e con proxecto; que non para, que avanza, e que ten transformado a cidade de xeito substancial”, valorou.

Non se esqueceu Gonzalo Caballero de que os esforzos levados a cabo polo goberno local non están atopando resposta por parte da Xunta, que “non cumpre” con Lugo, por exemplo, ao “non dar solución” ao comprometido proxecto do Museo da Romanización ou co seu “desprezo” ás infraestruturas viarias e ferroviarias.

Tamén no “nulo compromiso da dereita” con Lugo puxo o foco Álvaro Santos, mentres Lara Méndez acusou a Feijóo de “ningunear aos lucenses” e de tratalos como se fosen “cidadáns de segunda ou de terceira”.

OURENSE

No caso de Ourense, o secretario xeral do PSdeG constatou que “necesita un cambio”, pois a cidade ten ido “a peor” dende que goberna o

PP. “Deixa un balance nefasto”, recalcou, sinalando a “incapacidade” que supón “a falta de avance” na construción do centro de saúde e do centro cívico do Vinteún.

A iso engadiu o feito de que o goberno local só executou un 5% do plan de obras do pasado ano, co que concluíu que “un alcalde que só pode cumprir o 5% dos seus compromisos é un alcalde que fracasa”.

“Ourense necesita un cambio encabezado polo PSOE para que as cousas vaian ben”, subliñou Gonzalo Caballero, antes de comprometer que os socialistas “traballaremos arreo” para “artellar un plantexamento de futuro que dea a Ourense un goberno de progreso que estea atento ás necesidades dos veciños”.

GONZALO CABALLERO, COAS NECESIDADES DOS CONCELLOS

AMES



Os problemas dos concellos están na axenda do secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, quen se ten desprazado ata Ames para, da man do alcalde, José Miñones, e os voceiros na comarca, poñer o foco sobre o nivel de contaminación do río Sar.

As administracións, dixo o líder do PSdeG, teñen que “tomar cartas” no asunto para revertir as “deplorables” condicións deste río; motivo polo cal os socialistas levarán ao Parlamento de Galicia e aos distintos concellos bañados por augas desta conca mocións para urxir iniciativas ambientais.

Pola súa banda, o alcalde de Ames criticou que o goberno galego “segue sen atender as nosas demandas”, ata o punto de que a conselleira do ramo nin sequera se dignou a recibir a quen é o máximo representante dos veciños.

Na súa reclamación da depuradora, José Miñones recordou que a Xunta “ten de onde sacar” os fondos para facela, pois co canon da auga que pagan todos os veciños cada ano recada “máis de 50 millóns de euros”. Ademais, Paco Reyes, voceiro en Santiago, criticou a “inacción” do goberno local ante o estado do río Sar e o “enroque” na ubicación da planta.

XERMADE



Coa denuncia do “abandono do medio rural” por parte da Xunta dos concellos da Galicia interior, o líder dos socialistas galegos acudiu tamén a Xermade para, en compañía do alcalde, Roberto García, constatar o mal estado da estrada LU-170.

Argumentou a súa reclamación á Xunta de que acometa unha inversión “imprescindible” para a mobilidade dos veciños da zona na importancia do medio rural.

“É unha cuestión de futuro para o país”, defendeu, e demandou a Feijóo que atenda as necesidades dos pequenos municipios tanto en materia de infraestruturas coma de servizos públicos.

CUNTIS



Fronte á “desatención” da dereita cos concellos do interior, Gonzalo Caballero puxo en valor “a xestión pública eficiente e ao servizo da cidadanía” de alcaldes como o de Cuntis, Manuel Campos.

Na súa visita ao concello pontevedrés, o líder dos socialistas galegos destacou o plan de obras e as actuacións levadas a cabo nas parroquias, así como o fomento das iniciativas turísticas e a aposta polo emprego.

“Están permitindo que Cuntis vaia a máis a pesares de que a Xunta do PP arrincona e abandona o concello”, resaltou o secretario xeral do PSdeG.

A DEPUTACIÓN DA CORUÑA, «UNHA REFERENCIA EN POLÍTICAS SOCIAIS E BO GOBERNO»

Dentro da súa rolda de contactos con institucións e colectivos ao longo do país, o secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, visitou a Deputación da Coruña, onde foi recibido polo seu presidente, Valentín González Formoso, “unha referencia en políticas sociais e bo goberno”.



No encontro entre ambos, Gonzalo Caballero puido coñecer a fondo as medidas que está poñendo en marcha o goberno liderado por Valentín González Formoso, que considerou “políticas útiles para a cidadanía e para os concellos” aos que dá servizo a institución provincial.

Tamén valorou o seu esforzo, e transmitiulle así mesmo o apoio do partido neste camiño, para que o Pazo de Meirás, actualmente en mans da familia Franco, sexa recuperado para o público.

Pola súa banda, o presidente da Deputación da Coruña amosou-

se “encantado” de recibir ao seu secretario xeral para “compartir e reflexionar” sobre as políticas sociais que cómpren. Tamén aproveitaron para abordar os plans de emprego e as medidas de apoio aos municipios que teñen que desenvolver as institucións públicas.

MEDO, VALENTÍA, SORORIDADE E LIBERDADE

OPINIÓN



ICÍA
GARCÍA

Vicesecretaria xeral de
Igualdade do PSdeG

A simple vista, estas catro palabras non teñen nada en común, non deberían estar relacionadas; pero cobran sentido cando es unha muller.

O medo está definido pola RAG como o “sentimento de inquietude que se experimenta ante a presenza, real ou imaxinaria, dun perigo”. Esta inquietude, as mulleres coñecémola ben. Cada unha de nós a sufriu nalgún momento. Aparece cando camiñas de noite soa e notas que alguén te acompaña: nese intre empezas a acelerar o paso, a buscar posibles vías de escape, agarras forte o móbil e o corazón late con máis forza. Todo isto pasa en milésimas de segundo, sen darte conta, instintivamente.

O medo é instintivo, en cambio, a valentía é racional e pasional ao mesmo tempo. Ante unha situación de perigo, decides non deixarte vencer polo medo. Decides seguir camiñando con paso firme, cabeza alta e mirada altiva; intentando deixar claro coa túa actitude corporal que ninguén poderá pasar por riba túa.

Alivio é o que sentes cando te das conta que esa persoa que camiña pola mesma rúa que ti é unha muller.

E aquí é onde entra a sororidade, que se ben aínda non está definida pola RAE, as mulleres entendémola como a solidariedade entre nós, como o recoñecemento mutuo entre unhas e outras, como un pacto de liberdade, respecto e seguridade. E xustamente a liberdade é o que ansiamos.

Ansiamos o dereito de poder actuar segundo os nosos criterios, de decidir por nós mesmas o que queremos facer ou dicir, sen estar sometidas a ningún tipo de imposición.

O feminismo é iso, liberdade e igualdade. Nada ten que ver con ideoloxías ou clases sociais; vai de loitar por conseguir os dereitos que nos merecemos como persoas, sen que se teña en conta o sexo co que se nace.

O feminismo é conseguir que unha muller reciba o mesmo

salario que un home por facer o mesmo traballo. Non podemos consentir que a fenda salarial acade cotas do 22% nin que as mulleres tan só sexamos o 27% dos cargos directivos das empresas, e moito menos aceptar que se nos aparte da carreira profesional, dubidando da nosa dedicación se temos fillos.

O feminismo é lograr que as pensións das mulleres non sexan máis baixas que as dos homes; que unha muller non teña que deixar o seu posto de traballo para coidar dos seus fillos ou dos seus maiores.

O feminismo é igualdade de oportunidades, a mesma igualdade de oportunidades que busca o socialismo; porque socialismo é feminismo.

O 2018 vai estar marcado pola revolución feminista: pola irmandade entre as mulleres para loitar polos nosos dereitos co obxectivo último de deixar de sentirnos valentes para pasar a sentirnos libres.

O PSdeG, COA IGUALDADE



As históricas mobilizacións do Día da Muller, con millóns de persoas na rúa reclamando a igualdade real entre homes e mulleres, tamén contaron coa presenza dos e das socialistas.

Á fronte, o secretario xeral, Gonzalo Caballero, reivindicou dende a mo-

bilización que tivo lugar en Vigo o pasado 8 de marzo o “compromiso feminista” do PSOE, exemplificado en que “os grandes avances nos dereitos das mulleres” chegaron da man dos socialistas nos gobernos. É unha cuestión “de xustiza”, argumentou entón o máximo responsable do PSdeG.

Naquel intre, Gonzalo Caballero aproveitou tamén para esixir ao PP na Xunta que “rectifique o erro que ten cometido ao darlle as costas ás reclamacións das mulleres” en cuestións de tanta relevancia como a loita contra a violencia de xénero ou a fenda salarial existente.



Na mesma liña da defensa da igualdade, os socialistas galegos tamén conmemoramos coas XSG o Día internacional contra a LGTBIfobia cun acto en Santiago o 17 de maio

Dende o parque que acolle a estatua de Pablo Iglesias Posse, o líder do PSdeG lanzou unha mensaxe de “tolerancia” e “respecto”, ao tempo que se posicionou en contra da opresión que aínda sofre o colectivo LGBTI e chamou a “seguir traballando” a prol dunha sociedade “na que ninguén sexa discriminado”.

Despois de proclamar que os socialistas “permitimos modernizar a España na que vivimos” a través da conquista de “novos dereitos e liberdades”, Gonzalo Caballero sostivo que as sociedades teñen que avanzar “respectando os dereitos de toda a cidadanía” e iso as fará “máis dignas”.

Nesa idea incidiu o secretario xeral de XSG, Nabor González, para quen “un bo país non é o que se converte en potencia económica ou industrial, senón en potencia de dereitos sociais e liberdades”. Ademais, instou a “executar” a Lei galega de igualdade de trato e non discriminación, aprobada a instancias do PSdeG.

O COMPROMISO E A SENSIBILIDADE SOCIAL DO PSdeG

O compromiso e a sensibilidade social do PSdeG queda patente na axenda do secretario xeral, Gonzalo Caballero, quen está coñecendo de primeira man a labor de entidades como Down Galicia e Amencer Aspace, que traballan no ámbito da discapacidade, ou Proxecto Home, das adicións.

A tarefa que desenvolve o terceiro sector, como ten dito en numerosas ocasións o líder dos socialistas galegos, é “encomiable”, e por este motivo ten que recibir das administracións públicas unha dotación orzamentaria “axeitada”.

“Ten que ser unha prioridade”, defendeu Gonzalo Caballero tralo percorrido polas instalacións de Proxecto Home en Val do Dubra, tras constatar que estas entidades chegan onde “ás veces” non o fan as propias institucións.

De feito, na sede de Down Galicia, ten enmarcado esa aposta dentro da reivindicación da “igualdade de oportunidades”. “A sociedade do século XXI ten que ter presente que ninguén pode quedar na exclusión, ou con menos opcións”, remarcou.

E, tras destacar a importancia de ter “un goberno galego con sensibilidade social”, Gonzalo Caballero asegurou que os socialistas sempre apoiarán a quen traballa por mellorar as condicións de vida de quen non pode ou ten dificultades para valerse por si mesmo.

Esa labor, segundo resaltou o secretario xeral do PSdeG tras visitar o local no que Amencer traballa en Pontevedra con persoas con parálise cerebral, é “o máis digno que pode existir nunha sociedade”.



«COMBATEREMOS A PRIVATIZACIÓN E O DETERIORO DA SANIDADE PÚBLICA»

A defensa da sanidade pública de calidade ten sido e seguirá sendo unha prioridade para os socialistas, fronte aos intentos da dereita de impoñer o seu modelo de "privatización, precariedade e deterioro" a través da reforma da Lei de Saúde de 2008

Mostra da importancia que os socialistas lle concedemos foi a mobilización de alcaldes e cargos socialistas que acudiron ao Parlamento de Galicia o día da votación, encabezados polo secretario xeral, Gonzalo Caballero, e que presenciaron como o PP aprobou en solitario esa modificación normativa.

"Feijóo e o PP están dando as costas á cidadanía", criticou Gonzalo Caballero, quen deixou claro que os socialistas seguiremos "combatendo" os seus ataques contra a sanidade pública "todo o que que-

da de lexislatura". "Non o podemos permitir", subliñou quen acudiu ás distintas mobilizacións en contra da supresión de áreas sanitarias por toda Galicia.

Na Cámara déronse cita unha vintena de alcaldes e alcaldesas, tamén representados polo presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), Alfredo García, rexedor do Barco de Valdeorras.

En concreto, desprazáronse a Santiago as alcaldesas de Trabada, Vi-

veiro, A Lourenzá e Cambados; así como os rexedores de Alfoz, Burela, Ourense, O Valadouro, A Illa de Arousa, Catoira, Vilamartín de Valdeorras, A Rúa, Monforte, Vilagarcía, Petín e Ribas de Sil.

Así mesmo, estivo o presidente da Deputación de Lugo, Darío Campos, tamén alcalde da Pontenova; e, entre outros membros do PSdeG, acudiu o secretario provincial de Lugo, Álvaro Santos, como representante do partido nunha provincia que perdeu dúas áreas sanitarias: a da Mariña e a de Lemos.



SUSO MOSQUERA, O COMPROMISO COA GALICIA TRABALLADORA



O falecemento de Suso Mosquera o pasado mes de febreiro foi un duro golpe para a familia socialista e uxetista, de aí que a agrupación do PSdeG-PSOE na Coruña organizase unha homenaxe a quen durante décadas amosou un fondo compromiso cos dereitos e intereses dos traballadores.

Durante 25 anos foi secretario xeral da Unión Xeral de Traballadores en Galicia, e ao sindicato lle dedicou vida e esforzos. En momentos nos que o traballo sindical non recibe a valoración social que merece, Suso é e será recoñecido como un sindicalista de referencia, con capacidade e compromiso social, dos que son tan necesarios.

Tamén o PSdeG-PSOE foi a súa casa, como se evidenciaba na súa habitual presenza nos congresos do partido. Ao último, celebrado o


pasado mes de outubro, xa non foi quen de acudir por mor do seu estado de saúde.

Os socialistas galegos queremos recoñecer a figura de Suso Mos-

quera. O seu compromiso, o seu traballo, os seus valores, tamén reflexados na Fundación Luís Tilve. Un defensor dos traballadores e das traballadoras galegas nun pobo de traballadores e traballadoras.



LOITO NO SOCIALISMO E NO GALEGUISMO



Coa marcha dun socialista e galeguista comprometido toca poñer en valor un legado que perdura xa 37 anos, exemplificado no Estatuto de 1981, e tamén a pegada que deixa no partido: a medida que o compromiso galeguista referenciou a axenda política dos socialistas galegos, o PSdeG logrou marcar axendas de progreso para o país a través dos gobernos presididos por Fernando González Laxe e Emilio Pérez Touriño.

O pasamento, o pasado mes de xuño, de Xosé Luís Rodríguez Pardo, aos 81 anos de idade, deixa a Galicia sen unha figura clave para entender a súa arquitectura institucional e ao PSdeG sen un dos seus referentes históricos de compromiso coa súa terra.

Quen foi o primeiro secretario xeral elixido polos socialistas galegos baixo o paraugas do PSdeG iniciou a súa traxectoria política no PSG de Xosé Manuel Beiras, formación que cofundou, e alí compartiu galeguismo e compromiso de esquerdas con personalidades como Fernando González Laxe, Xerardo

Estévez, Ceferino Díaz... ata que en 1978 decidiu afiliarse ao PSOE galego xunto con case un centenar de militantes.

Ese paso non fixo senón acentuar a sensibilidade galeguista dun partido coa tradición socialista dunha forza de esquerdas.

A impronta galeguista do recentemente refundado PSdeG deixou sentir nos traballos da que se denominou Comisión dos 16, da que Rodríguez Pardo fixo parte, para a elaboración do Estatuto de Autonomía, aínda vixente, que situaba a Galicia co mesmo nivel de compe-

tencias que as demais nacionalidades históricas.

Socialismo, o do compromiso político, e galeguismo, o do compromiso co país, resumen por tanto a traxectoria política de Rodríguez Pardo, que se completa co seu paso polo Parlamento de Galicia, o Congreso e o Senado. Así mesmo, chegou a presidir o Consello Xeral da Emigración, mostra tamén da súa sensibilidade cos residentes no exterior.

Trala súa marcha, a maior contribución á súa memoria será manter vivo ese dobre compromiso co socialismo e o galeguismo.

A CULTURA, ALMA VIVA

OPINIÓN



NOA
DÍAZ

Secretaria de cultura
do PSdeG

Para que unha colectividade humana teña categoría de pobo, para que teña unidade íntima e transcendente, ha de ter unha alma de seu. E un pobo ten alma de seu cando posúe idioma, cando fala nunha lingua propia, que tal é o que significa a palabra idioma. A lingua vén a ser a alma viva do pobo que a fala, ven ser a súa comunidade esencial.

(Ramón Piñeiro, 1952)

Para que unha colectividade humana teña categoría de pobo, para que teña unidade íntima e transcendente, ha de ter unha alma de seu. E un pobo ten alma de seu cando posúe idioma, cando fala nunha lingua propia, que tal é o que significa a palabra idioma. A lingua vén a ser a alma viva do pobo que a fala, ven ser a súa comunidade esencial. (Ramón Piñeiro, 1952)

Esa alma viva, de seu, da que falaba Piñeiro é tamén parte, orixe e fin da nosa propia cultura, que debemos reivindicar no seu carácter máis transversal, cunha crucial función identitaria, educadora e socializadora, e non como unha parcela relegada aos últimos postos das listaxes de cuestións prioritarias para o noso país. Somos o que somos pola nosa cultura e a nosa lingua, e por iso dende o PSdeG-PSOE continuaremos esforzándonos por fomentalas e protexelas.

Recentes datos da Real Academia Galega apuntan que as novas xeracións camiñan cara a un monolingüismo en castelán, animadas por certos poderes públicos que ven o galego como

un obstáculo e non como fonte de enriquecemento persoal e colectivo.

Os gobernos socialistas na Xunta avanzaron cara a unha mellora da presenza do galego nas aulas, primeiro elo da cadea, pero o goberno do PP quebrou esa tendencia. Está nas nosas mans recuperar a confianza da cidadanía para mudar o goberno e as políticas nesta materia, urxente para salvar a nosa singularidade e riqueza lingüística.

Esa reivindicación do galego é tamén un dos propósitos do Día das Letras Galegas, que este ano xirou en torno á figura de María Victoria Moreno, escritora cacereña que namorou do noso país e da nosa lingua á súa chegada a Pontevedra alá polos anos 60. A cuarta muller á que se lle dedica este recoñecemento nos seus 56 anos de historia; un dato que tamén convida á reflexión.

A teimuda realidade é que existe un abismo entre o número de premios culturais concedidos a homes e a mulleres, e que se fai máis patente cando elas crean en galego e en Galicia. O Consello

da Cultura Galega alerta sobre esta preocupante invisibilidade na recente Diagnose da Cultura Galega. Son precisas, xa que logo, políticas transversais de igualdade que visibilicen o papel meritorio das mulleres coa fin de garantir a construción de referentes femininos para as xeracións máis novas.

É máis que nunca necesaria unha estratexia cultural global no noso país que atenda a cuestións como a igualdade, a educación, a promoción da lingua, as condicións de acceso á cultura, a protección e posta en valor do noso patrimonio, a defensa das industrias culturais, o respecto polos nosos creadores e creadoras... En definitiva, un plan de acción transversal que nos defina como país con identidade propia, á vez que integrador, e que debe ser deseñado logo de escoitar a todos os axentes do sector.

«GALICIA É MÁIS RICA CANDO O GALEGO TEN POTENCIA»



A defensa da nosa lingua e a esixencia de medidas por parte da Xunta para frear o “retroceso” que está experimentando sacou ás rúas de Compostela, un ano máis, aos socialistas galegos no Día das Letras.

Dende alí foi o noso secretario xeral, Gonzalo Caballero, quen reivindicou que “Galicia é máis rica cando o galego ten potencia” e urxiu unha aposta decidida por aumentar o uso, e os usos, da nosa fala.

Así mesmo, nunha xornada de “recoñecemento” e de “posta en valor” da lingua e da cultura galegas, o líder do PSdeG fixo fincapé en que as administracións públicas teñen que “potenciar” a súa difusión e coñece-

mento, ademais do “cariño” polos elementos que nos son propios.

Gonzalo Caballero expresou o seu rexeitamento á decisión de recortar o Diario Cultural, unha ferramenta de difusión da cultura galega na Radio Galega

“Temos que amosar un compromiso claro co galego, que fai unha Galicia máis rica e máis próspera”, defendeu Gonzalo Caballero, crítico

coas “eivas” que amosa a política lingüística da Xunta.

Non se esqueceu, ao fío da política cultural do goberno de Feijóo, de expresar o seu rexeitamento á decisión de recortar o Diario Cultural, unha ferramenta de difusión da cultura galega a través da Radio Galega.

“Queremos máis galego, queremos un galego estendido e queremos un galego cultural que exemplificamos na defensa deste programa de referencia na cultura galega durante tantos anos e ao que o PP quere poñerlle fin”, remarcou o secretario xeral do PSdeG, para quen a política do PP “vai na dirección contraria” á que debera.

APOIAMOS A UNIVERSIDADE PÚBLICA

Os socialistas temos claro que a educación pública atópase na base para conquistar a igualdade de oportunidades, principio básico fundamental para nós. É por iso que, dentro da rolda de contactos que o secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, está mantendo cos distintos axentes económicos e sociais, acudiu á Coruña para entrevistarse co reitor, Julio Abalde.



En paralelo, o secretario xeral do PSdeG acudiu, en compañía da secretaria de Educación e Universidades do PSOE, María Luz Martínez Seijo, e do deputado pontevedrés Guillermo Meijón, á chamada da Escola Superior de Artes Dramáticas de Galicia.

Nunha xuntanza co seu director e cunha representación dos estudantes, coñeceu de primeira man a problemática relacionada coa falta de recoñecemento desta titulación.

“Tomamos nota para deseñar unha fórmula que permita que as ensinanzas artísticas poidan ter unha homologación cos títulos universitarios”, asegurou, e recordou que esta escola foi construída durante a etapa de goberno de Emilio Pérez Touriño e criticou que a dereita non se segue executando o proxecto previsto na parcela anexa.

Como el mesmo explicou, a universidade pública “ten que ser unha prioridade”, de xeito que avogou por facela “puxante”, por ofrecerlle “calidade e proximidade” ao estudante, por darlle o “recoñecemento” que merece ao seu persoal e por impulsar a súa “internacionalización”.

E, nesa liña, o líder dos socialistas galegos requiriu que se “potencien” as axudas e as bolsas, co obxectivo en mente de facilitar a incorporación a eses estudos e, así, “avanzar na igualdade de oportunidades”.

“Temos que proxectar a nosa universidade no mundo: que veñan referentes doutras universidades a colaborar e que se incorporen alumnos de distintos países”, defendeu Gonzalo Caballero, profesor da Universidade de Vigo.

Tamén puxo o foco, na súa reunión co reitor coruñés, no “déficit de estudos de posgrao” que existe actualmente nas universidades públicas galegas, polo que instou á Xunta a “impulsar os posgraos, os mestrados e os doutoramentos de calidade”.



A EDUCACIÓN PÚBLICA, A NOSA PRIORIDADE

Na mesma liña de pular pola educación pública, a sede do PSdeG acolleu unha asemblea aberta que reuniu a máis dun centenar de persoas interesadas en coñecer os nosos plantexamentos e aportar a súa visión.



En primeiro termo, interveu o secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, quen defendeu a educación como “un alicerce fundamental” para dar a Galicia “un futuro distinto”.

E, fronte aos recortes acometidos pola dereita no sistema público, o líder dos socialistas galegos apostou por facer “un esforzo” de inversión.

Máis medios e capital humano para a ensinanza media, máis dotación de prazas en educación infantil e máis fondos para construír “a mellor universidade posible”.

Formulado isto, Gonzalo Caballero constatou que queda “moito traballo por facer” para conquistar unha educación pública “de calidade” nos seus distintos niveis.

Pola súa banda, a secretaria de Educación do PSOE, Luz Martínez Seijo, fixo fincapé tamén nos recortes sobre o sistema educativo postos en marcha pola dereita.

En concreto, o goberno que encabezaba Mariano Rajoy retirou 9.000 millóns de euros do sistema público, provocando que a inversión educativa en España se desplomase ata os niveis que se rexistraban no ano 1996.



Xunto con Gonzalo Caballero e Luz Martínez Seijo, na asemblea aberta dos socialistas galegos tamén reivindicaron a importancia capital do sistema educativo público o secretario de Educación do PSdeG, Luis Álvarez; a decana de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, Carmen Fernández Morante, e o vicepresidente da Comisión de Educación do Congreso, Guillermo Meijón.

O PSdeG, COMPROMISO COA CULTURA E AS TRADICIÓN

Cumprindo o seu compromiso de achegarse a todos os recunchos do país, o secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, estase desprazando por todas as comarcas para coñecer a realidade do país e as súas particularidades.



Dende Pedrafita, onde acudiu coincidindo coa celebración da festa do queixo do Cebreiro, ata O Porriño durante o festival de Cans, pasando por Camariñas, na 28 edición da mostra do encaixe.



Son eventos que amosan, como ten dito o líder dos socialistas galegos, a potencialidade do noso rural para manter vivas as tradicións, poñer en valor a cultura e atraer riqueza e dinamismo



A MEMORIA E A XUSTIZA



O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, participou, o pasado mes de maio, nun acto de recordo e homenaxe aos compañeiros socialistas e uxetistas que foron represaliados polos golpistas ao pouco do estalido da Guerra Civil, no ano 1936.

No cemiterio civil de Pereiró, en Vigo, honrouse a memoria de Enrique Heraclio Botana, da UXT, e do alcalde Emilio Martínez Garrido, do

PSOE, que foron fusilados tralo alzamento militar xunto con outros compañeiros.

En presenza do alcalde, Abel Caballero; a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva; e o secretario provincial do PSOE, David Regades, entre outros afiliados socialistas e da UXT, Gonzalo Caballero quixo poñer en valor “a historia deste gran partido e deste gran sindicato”.

“Ambos transformaron o país no que vivimos”, subliñou o líder dos socialistas galegos tras unha ofrenda floral nas tumbas de Heraclio Botana e Martínez Garrido.

Con este acto simbólico, no que tamén participaron familiares e achedados das vítimas do franquismo, faise cumprir o desexo expresado por Heraclio Botana ante o pelotón de fusilamento: que “o mundo coñeza o crime que con nós se comete”.

A INTERPARLAMENTARIA PERFILA UNHA FOLLA DE RUTA DE INTENSA ACTIVIDADE

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, presidiu o pasado mes de abril unha xuntanza cos nosos representantes no Parlamento, as Cortes Xerais e a Eurocámara para deseñar unha folla de ruta de intensa actividade, ao obxecto de “ofrecer á cidadanía unha alternativa á dereita” nas eleccións do ano que vén.



“Somos o partido que require Galicia para ter unha alternativa de esquerdas”, sostivo o líder do PSdeG na Interparlamentaria, ao tempo que comprometeu traballo “con sensibilidade municipalista” de cara á vindeira cita coas urnas.

Esa folla de ruta compartida que trazou cos parlamentarios, deputados, senadores e o eurodeputado pasa por “intensificar o contacto co territorio” e por aportar opcións

afastadas das “posicións conservadoras” e tamén daquelas cun “compoñente demagóxico”, en palabras de Gonzalo Caballero.

Ademais, dado que “entendemos a política como un servizo público”, chamou a manter “a honestidade e a exemplaridade” de todos os cargos públicos socialistas na liña de “combater o distanciamento” que mantén a cidadanía dos seus representantes.

Así mesmo, co obxectivo en mente de manterse nas municipais e europeas de 2019 como “primeira forza de esquerdas de Galicia”, o secretario xeral do PSdeG avanzou “un intenso traballo para abrir o partido” á sociedade. Polo de agora, xa se están incorporando perfís independentes aos grupos de traballo sectoriais, a fin de que a cidadanía teña no partido “unha vía para facer propostas e participar na política”.

VISITAS AO EXTERIOR

Gonzalo Caballero, convidado a participar na conmemoración da Revolución dos Cravos

Gonzalo Caballero, secretario xeral do PSdeG, participou este ano nos actos de conmemoración da Revolución dos Cravos convidado polo presidente da Cámara Municipal de Chaves, Nuno Vaz. Dende o outro lado da raia reivindicou a importancia dos “lazos fraternais” que unen a Galicia e Portugal.

O líder dos socialistas galegos agradeceu o convite “nunha data tan sinalada” como o 25 de maio, e tamén a recepción organizada por Nuno Vaz.

No aniversario da “revolución pacífica que serviu para conquistar a liberdade” no país veciño, Gonzalo Caballero tivo palabras tamén para subliñar o “avance económico” que está vivindo Portugal baixo o liderado do PS de António Costa.

“Está sendo quen de apostar polo crecemento inclusivo e de conxugar o cumprimento das normas financeiras co aumento do benestar social”, resaltou o máximo referente do socialismo galego.

Non se esqueceu de destacar o feito de que o PS recupérase a Cámara Municipal de Chaves nas últimas eleccións. “É a mostra de que os cidadáns valoran as políticas socialistas, que antepoñen o benestar e o progreso aos meros axustes contables que pon en marcha a dereita”, sostivo Gonzalo Caballero.

AXENDA INTERNACIONAL

Dentro da axenda internacional do PSdeG, o secretario de Acción Electoral e Coordinación, Martín Seco, viaxou ao Sahara para participar nos actos do 45 aniversario do Frente Polisario.



Alí mantivo reunións co presidente do Goberno saharauí, así como con distintos ministros, e coñeceu a situación dos campos de refuxia-

dos. Pola súa banda, achegou unha mensaxe de solidariedade e o desexo dunha pronta solución do conflito dentro das Nacións Unidas.



“UN GRAN PACTO” PARA REVITALIZAR A DEMOGRAFÍA

Os socialistas pretendemos situar a perda de poboación que sofre Galicia no centro da axenda política e, con ese fin, o secretario xeral, Gonzalo Caballero, presidiu en Ourense a inauguración dunhas xornadas centradas no reto demográfico.



Nese foro, Gonzalo Caballero demandou “un gran pacto social e político” que revitalice a natalidade, visto o “fracaso” da xestión da dereita neste eido tras tantos anos á fronte da Xunta.

Para avanzar neste camiño, o líder dos socialistas galegos defendeu a necesidade de “redimensionar” a política económica, pois actualmente “non hai nin conselleiro, nin capacidade, nin política” que impulse o emprego, a industria, o I+D+i ou os sectores produtivos.

Xunto a “unha nova política económica”, urxiu actuacións de apoio ao medio rural, enfocadas a que os cidadáns poidan desenvolver a súa vida nos municipios do interior.

En paralelo, Gonzalo Caballero esixiu unha aposta polos servizos públicos, pois as administracións deben “acompañar” ás familias que decidan ter fillos. Máxime, como dixo, nun contexto como o actual, de baixos salarios e empregos precarios.

“GALICIA VAI MAL”

E, despois de que o secretario xeral lamentase que a comunidade galega teña perdido 100.000 habitantes nos últimos oito anos, o que supón “un problema demográfico grave” que amosa que “Galicia vai mal”, o eurodeputado José Blanco afeou ao PP a súa “falta de compromiso” neste eido.

Ao fío disto, a presidenta da Delegación Socialista Española na

Eurocámara, Iratxe García, incidiu en que as medidas de “austeridade” decididas no marco europeo e “aderezadas cos recortes da dereita” non fixeron senón “empeorar” a situación.

Pola súa banda, o secretario provincial do PSOE en Ourense, Rafael Rodríguez Villarino, chamou a que estas xornadas sirvan como “punto de partida” para elaborar propostas.

Sobre todo, como verbalizou a secretaria de Política Social do PSdeG, Marina Ortega, dada a importancia de poñer en marcha “políticas responsables, innovadoras e adaptadas aos nosos tempos” para frear unha caída de poboación que se está revelando como “inevitable”.

COS NOSOS SECTORES PRODUCTIVOS: PESCA E AGRICULTURA

A defensa dos nosos sectores produtivos, co foco na importancia do medio rural, está na base do noso programa político. Por iso temos abordado, en sendas xornadas de traballo, a situación dos nosos agricultores e gandeiros e o futuro da pesca.

A ambas citas asistiu o secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, quen situou a pesca como “un sector estratéxico para o futuro do país e da súa economía produtiva” e amosouse partidario de “facer un esforzo” para situar a este sector “no lugar que lle corresponde como un sector economicamente moi relevante”.

Así, o líder dos socialistas galegos avogou por “potenciar un sector pesqueiro áxil”, a fin de promover a súa “capacidade para xerar emprego e valor engadido”.

Con todo, admitiu a súa “preocupación” polas cuestións que aínda seguen pendentes de resolver nos ámbitos europeo, estatal e galego, como as referidas aos descartes ou á sostibilidade e usos dos recursos pesqueiros.

No que atinxe á agricultura e a gandería, Gonzalo Caballero defendeu que a PAC debe estar “suficientemente dotada” e ten que “priorizar” a agricultores e gandeiros, para que estean “en primeira liña”.

O obxectivo, segundo as súas propias palabras, é que as rendas que perciben os traballadores do sector primario sexan “equiparables” ás doutros eidos.

É a vía, como explicou, para combater “o despoboamento e a falta de vitalidade demográfica” que sofre o medio rural: “a nova PAC ten que



ser un mecanismo para o desenvolvemento sostible do territorio”.

A ese respecto, o secretario xeral do PSdeG aplaudiu que “a von-

tade” do goberno que encabeza Pedro Sánchez vai “nesa liña de desenvolver unha política favorable” para o medio rural e o sector primario.



O MEDIO RURAL, UNHA DAS PATAS DA “GALICIA DO FUTURO”



Fronte “á propaganda do suposto compromiso co medio rural” que fai a Xunta, a realidade só nos devolve “abandono” do medio rural. É unha das conclusións do encontro que mantiveron o secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, e o secretario xeral de Unións Agrarias, Roberto García.

“Feijóo suspendeu no sector agrario, no forestal, no gandeiro, no lácteo... só fai política de anuncios”, constatou Gonzalo Caballero, men-

tres Roberto García engadiu que “vive nun anuncio virtual permanente”, ou ata “anunciando unha cousa e facendo a contraria”.

A Xunta só nos devolve abandono do medio rural

Fronte a un medio rural que “agoniza” coa dereita, o líder dos socia-

listas galegos avanzou que é unha das tres patas sobre as que descansa “a Galicia do futuro” que el ten en mente, xunto cunha nova política económica e o compromiso social.

Así é que intensificará o traballo neste eido, a fin de aportar ideas e propostas para un sector no que o PP “non ten proxecto nin alternativa”. “Hai que dar posibilidades de futuro ao noso medio rural”, recalcou o secretario xeral.

APOIANDO AOS NÓSOS PRODUTORES

O avance da couza da pataca ata Muxía foi o que levou ao secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, a acudir a Muxía para coñecer de primeira man a magnitude do problema. Arroupado polo alcalde, Félix Porto, e numerosos compañeiros, escoitou in situ as preocupacións dos produtores.

De feito, non só visitou unha explotación, senón que mantivo tamén unha xuntanza cos veciños, que instaron á Xunta a “asumir responsabilidades”. “O goberno galego ten que estar en primeira liña atendendo as súas reivindicacións”, recalco Gonzalo Caballero, consciente de que a afección á pataca é “un problema de país”.

Por iso, avogou por tomar medidas para evitar que sexan os produtores quen “paguen” o custe desta praga, de xeito de que reclamou “indemnizacións suficientes” que compensen tanto as perdas como o tempo que dure a restrición de cultivo. “Necesitan apoio para manter a súa calidade de vida”, incidiu.

En paralelo, o secretario xeral do PSdeG mantivo unha reunión cos alcaldes socialistas de Fisterra, Dumbría, Corcubión, Muxía e Camariñas, así como cos secretarios xerais dos distintos municipios da bisbarra, para abordar a realidade económica e social da zona.

Ante a “marxinación e o abandono” por parte da Xunta que denunciaron os cargos socialistas, Gonzalo Caballero reprobou que o goberno galego “se esquece das necesidades” dos concellos da Costa da Morte. Só así se explica a redución de servizos e que non se teñan aten-



dido “importantes demandas” en materia de sanidade, de transporte e de infraestruturas.

“A Xunta carece dunha política de medio rural efectiva”, criticou o líder dos socialistas galegos, quen

avanzou iniciativas para reclamar á Xunta que “se lembre de que a Costa da Morte existe” nun escenario no que practicamente todos os concellos da zona “están perdendo poboación e dinamismo económico”.



O PSdeG, CO DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DE GALICIA

A aposta polo desenrolo económico de Galicia está levando ao secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, a coñecer as principais empresas e proxectos industriais que se poñen en marcha en Galicia.

Así é que Gonzalo Caballero visitou Navalía, a feira internacional da industria naval, en compañía de diversos membros da dirección galega do PSdeG e cargos institucionais do partido.

No Ifevi puido comprobar o “dinamismo” desta nova edición de Navalía, de xeito que chamou a “apostar con claridade” polo sector e a que a Xunta “faga os deberes” para estar “á altura”.

“Máis alá da estratexia de márketing electoral, a Xunta ten que ter visión industrial”, requiriu o dirixente socialista, para quen a política naval de Feijóo “se resume en anuncios cada vez que vai a México, que despois quedan na historia da propaganda do presidente”.

Así mesmo, o secretario xeral achegouse ata Ponte Maceira, en Ames, para visitar a sede central de Clun, en compañía do presidente e voceiro parlamentario do PSdeG, Xoaquín Fernández Leiceaga, e o deputado José Manuel Pérez Seco.

Alí foron recibidos polo presidente da cooperativa, José Ángel Blanco; o vicepresidente, José Montes; e o secretario, Pablo Costoya; así como por outros membros da directiva desta cooperativa láctea, que debullaron as principais cifras da empresa e os seus proxectos de futuro.



Nesa xuntanza, Gonzalo Caballero puxo de manifesto o compromiso co desenvolvemento rural e o respaldo aos sectores agroali-

mentarios galegos. A continuación, os socialistas participaron nunha visita guiada á fábrica e coñeceron in situ os procesos de fabricación.

GONZALO CABALLERO: «GALICIA NECESITA UNHA POLÍTICA ECONÓMICA ACTIVA»



O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, acudiu ao convite do Círculo de Empresarios de Galicia para esbozar o seu proxecto para a comunidade nun almorzo con representantes de numerosas sociedades e compañías.

Alí plantexou a necesidade de pór en marcha “unha nova política económica” en Galicia, enfocada cara a creación de emprego, o pulo industrial e a aposta polo I+D+i.

“Queremos unha política económica activa, e que recolla o maior dinamismo das áreas urbanas do arco atlántico”, demandou o líder dos socialistas galegos, quen defendeu que, para converter a Galicia nunha comunidade próspera, hai que aproveitar “o pulo” das urbes.

Sen embargo, o tamén economista Gonzalo Caballero non se esqueceu da importancia do medio rural, para o que ofreceu “solucións” pensando no equilibrio territorial.

“O rural é unha oportunidade para o desenvolvemento”, destacou, para apostar por que o fomento e a modernización dos sectores tradicionais vaia acompañado por outras actividades que abran “novas posibilidades”.

Así, o secretario xeral do PSdeG puxo sobre a mesa as opcións de futuro que implican a agricultura ecolóxica, o turismo, as novas tecnoloxías ou as enerxías renovables.

E, en paralelo coa mellora da política económica e co novo en-

foque do medio rural, Gonzalo Caballero fixou a política social como “unha prioridade” dentro do seu proxecto.

Sanidade e educación públicas, atención á dependencia, son fundamentais para a calidade de vida dos galegos; ao igual que as políticas de igualdade para axudar alí onde hai maiores dificultades e para corrixir a fenda salarial.

En resumo, como explicou o máximo dirixente do PSdeG, o seu proxecto busca “redimensionar a política” para dar a Galicia “un pulo que está perdendo” tanto en termos de demografía como de capacidade industrial, de calidade dos servizos públicos e, en definitiva, de “oportunidades de futuro”.



DE FESTA COS E COAS COMPAÑEIR@S

*Pasando un bo rato
cos compañeiros de
Santiago e de boa parte
da provincia durante
as festas da Ascensión.
Houbo polbo, churrasco
e ata unha carreira aos
camellos*



CO FOCO POSTO EN EUROPA

Os socialistas galegos somos conscientes da relevancia que teñen para Galicia as decisións que se adoptan en Bruxelas; e por este motivo, xa no mes de abril, organizamos unhas xornadas para analizar os retos e oportunidades que se abren de cara ao novo periodo orzamentario na UE.

Xa naquela altura, o secretario xeral, Gonzalo Caballero, instaba ao presidente da Xunta a involucrarse nos intereses de Galicia, poñendo sobre a mesa das institucións comunitarias as necesidades da nosa comunidade.

“Feijóo ten que entender que os orzamentos comunitarios afectan dun xeito moi relevante”, recalcaba o secretario xeral, na apertura dunhas xornadas de traballo que contaron coa presenza, entre outros, de Jordi Sevilla.

E é que, como explicou entón Gonzalo Caballero, o novo reparto dos orzamentos comunitarios “vai ser fundamental para a Galicia da próxima década”, que precisa “converxer coas rexións máis avanzadas” de Europa.

Con todo, visto que Galicia quedara excluída do corredor atlántico de mercadorías e que a Xunta nin presentara candidatura para obter a sede do laboratorio europeo de bivalvos, o líder dos socialistas galegos xa avanzaba que traballaría para “dar peso a Galicia” no ámbito europeo.

Nesa liña, anticipaba como cuestións centrais a tratar no eido comunitario a reforma da PAC –que abordou posteriormente co comisario de Agricultura, Phil Hogan- e “novas prioridades” como o devalo demográfico –do que falou co presidente do Comité das Rexións, Karl-Heinz Lambertz-.



Máis persoal...

XOAQUÍN FERNÁNDEZ LEICEAGA

“Estamos construíndo entre todos un PSdeG distinto e máis forte”



É o presidente do PSdeG e o voceiro do noso grupo no Parlamento de Galicia.

Un referente político para vostede é...

Emma Bonino.

Como percibe agora o partido?

Agora estamos construíndo entre todos un Partido Socialista en Galicia distinto e máis forte.

Con que político doutro partido iría a tomar unha caña?

Con moitos! Por dicir algún... cos voceiros dos outros tres grupos.

Que ten de fondo de pantalla no móbil?

Teño dúas fotos: unha dos Ancares nevados dende a Fonsagrada e outra da ría de Noia.

Cónteme un vicio confesable

Comprar libros aínda que despois non teña tempo para lelos.

E que libro ten agora entre mans?

Estou lendo *Justicia*, de Michael Sandel.

Por onde van os seus gustos musicais?

Son bastante ecléctico, pero unha das miñas cancións preferidas é *Dark side of the Moon*, de Pink Floyd.

Gústalle as series?

Si. Agora estou vendo *The good fight*, o spin off de *The good wife*. E estame gustando máis que a outra!

Dígame un recuncho no que se perdería

Calquera pola ría de Noia e Muros.

A súa comida preferida é...

Os berberechos con pan de millo.

Se puidera ter algún poder excepcional, elixiría...

(Ri) Viaxar no tempo abriría moitas opcións turísticas...

Unha cualidade e un defecto.

A impaciencia! Son moi

impaciente, aínda que non o pareza (ri). E unha cualidade, son bastante capaz de racionalizar e non deixarme levar polas paixóns.

Que momento histórico gustaríalle ter vivido en primeira persoa?

A Revolución Francesa, pero depende do que supoña vivilo en primeira persoa (ri). Ou a caída do Muro de Berlín.

Un soño por cumprir?

Ter tempo e recursos para botar un ano navegando.

De non vivir en Santiago, viviría en...

En Noia.

Que fai para relaxarse?

Camiñar, basicamente. Gústanme moito as excursións.

A última... que é o peor que lle teñen dito no Parlamento?

Buf! Tantas cousas... (ri).